

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 3 de maio de 2005 pola que se convocan os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para os alumnos que rematen os seus estudos universitarios no ano 2005, nas universidades do Sistema Universitario de Galicia.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

O Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro (BOE do 19 de xaneiro de 1988 e DOG do 17 de febreiro) transferiulle á Comunidade Autónoma competencias en materia de universidades. Estas competencias foron asumidas pola Comunidade Autónoma e asignadas á Consellería de Educación no Decreto 62/1988, do 17 de marzo (DOG do 8 de abril). A Lei 11/1989, do 20 de xullo (DOG do 16 de agosto), de ordenación do sistema universitario de Galicia, determina a constitución do sistema universitario de Galicia con tres universidades: a Universidade da Coruña, a de Santiago de Compostela e a de Vigo.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Universidades, está a levar adiante unha política de asistencia económica aos estudantes que queda concretada en diversas accións, co obxecto de favorecer, dentro das limitacións orzamentarias, a calidade, a competencia, a igualdade de oportunidades e a excelencia no rendemento académico.

Por todo isto e no exercicio das facultades conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Convócanse premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para os alumnos das universidades galegas que rematen os seus estudos no ano 2005.

O obxecto desta acción é facer un recoñecemento expreso da excelencia académica daqueles estudantes matriculados no curso académico 2004/2005 en calquera dos centros pertencentes a algunha das tres universidades galegas.

Artigo 2º.-Orzamento.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria financiará estas axudas con cargo á partida orzamentaria 07.05.322C.480.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, cunha contía máxima de 120.200 euros sen prexuízo de poder ser incrementadas de acordo coas dispoñibilidades económicas da consellería.

Artigo 3º.-Contía.

Concederáselle un premio por cada unha das titulacións distintas impartidas no Sistema Universitario de Galicia ao alumno con mellor expediente académico.

Os solicitantes que sexan premiados recibirán:

-Un diploma acreditativo desta distinción.

-Unha contribución en metálico de 2.404 euros.

Artigo 4º.-Período.

As actividades que se subvencionan nesta convocatoria serán realizadas durante o curso académico 2004/2005.

Artigo 5º.-Requisitos.

Poderán solicitar estas axudas os alumnos que cumpran os seguintes requisitos:

-Posuíren a nacionalidade española ou ser nacional dun dos Estados membros da Unión Europea.

-Teren unha puntuación media no seu expediente académico igual ou superior a 2,7 puntos, para alumnos das áreas de ciencias experimentais e da saúde, ciencias sociais e xurídicas e humanidades; e 2 puntos, para alumnos da área de ensinanza técnicas.

-Teren rematada a carreira no curso 2004/2005.

-Naquelas titulacións para as que sexa necesario realizar o proxecto fin de carreira, será imprescindible que figure na certificación académica a data de avaliación do proxecto e o curso académico en que foi superado.

-En ningún caso un 1º ciclo común poderá servir de base para a concesión de máis dun premio fin de carreira.

Artigo 6º.-Solicitudes e prazo de presentación.

1. As solicitudes segundo modelo ED 415A que se publica como anexo a esta orde, asinada polo interesado, presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dirixidas á Dirección Xeral de Universidades-Subdirección Xeral de Universidades (edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), ou ben en calquera dos centros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro) para a presentación de instancias. Se no uso deste dereito a solicitude é remitida por correo, presentarase en sobre aberto para que sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de certificarla.

2. Para os efectos de información, os interesados tamén poderán consultar a páxina web da Dirección Xeral de Universidades, no portal educativo www.edu.xunta.es.

3. O prazo de presentación de solicitudes será ata o 30 de setembro de 2005 desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 7º.-Documentación.

As solicitudes deberán ir xunto coa seguinte documentación:

a) Copia do DNI.

b) Certificación académica persoal ou copia compulsada dela en que se fará constar a nota media simple

do expediente académico, calculada de acordo co artigo 10º destas bases da convocatoria.

c) Breve currículum vitae, no cal se indiquen, se é o caso, os premios, bolsas, etc., que lle fosen concedidos, e outros méritos que queiran alegar, xunto coa documentación correspondente.

d) Documento facilitado pola entidade bancaria, a nome do interesado, en que conste o número de conta do cliente, os códigos que identifican o banco, a oficina e o dígito de control.

Artigo 8º.-Tramitación.

Unha vez comprobado que todas as solicitudes reúnen os requisitos establecidos nesta orde de convocatoria, expóranse as listas provisionais das solicitudes admitidas e excluídas nos taboleiros de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas súas delegacións provinciais e nos vicerreitorados de estudantes das tres universidades galegas, sinalando, se é o caso, as causas de exclusión.

Así mesmo, estas listas tamén poderán ser consultadas na páxina web da Xunta de Galicia-Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. www.edu.xunta.es. As listas provisionais estarán expostas desde o día 11 ao 21 de outubro de 2005. Os interesados poderán, durante ese mesmo prazo, formular as reclamacións para emendar erros e faltas de documentación ante a Dirección Xeral de Universidades presentando, se é o caso, a documentación necesaria.

Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión considerarase que o interesado desiste da súa petición, segundo o disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 9º.-Comisión avaliadora.

A selección dos candidatos será realizada por unha comisión avaliadora integrada por:

Presidente: o director xeral de Universidades ou, por delegación, o subdirector xeral de Universidades.

Vogais:

Vicerreitor de Estudantes da Universidade da Coruña.

Vicerreitora de Estudantes da Universidade de Santiago de Compostela.

Vicerreitor de Extensión Universitaria e Estudantes da Universidade de Vigo.

Un funcionario do Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios.

Un funcionario da Dirección Xeral de Universidades, que actuará como secretario con voz e voto.

Artigo 10º.-Selección.

1. A selección farase tendo en conta a nota media simple calculada cos parámetros reflectidos no Protocolo de Colaboración subscrito o 21 de febreiro de 2005, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, publicado no DOG o día 23 de marzo de 2005 (resolución da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005).

2. En caso de empate na nota media do expediente académico, a comisión avaliadora poderá ter tamén en

conta para matizar a proposta o curriculum vitae dos solicitantes e os méritos acreditados. Naqueles casos en que a comisión avaliadora o considere oportuno, poderá propoñer a concesión de accésit (sen dotación económica), ou deixar o premio deserto.

Artigo 11º.-Resolución.

Efectuada a selección pola comisión, esta elevaralle, a través da Dirección Xeral de Universidades, un informe-proposta ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, quen resolverá. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Artigo 12º.-Pagamento.

Para o aboamento das axudas convocadas nesta orde, e de acordo co estipulado no artigo 16 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, farase un pagamento único do premio concedido.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión de axudas reguladas nesta orde terá como límite global o crédito asinado nos orzamentos para este fin.

Segunda.-O incumprimento total ou parcial de calquera das condicións establecidas nesta orde constituirá causa determinante de revogación da axuda e do seu reintegro polo beneficiario ou solicitante segundo o disposto no artigo 78.10º do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, de acordo coa redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro.

Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Terceira.-Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora, teña que examinar as solicitudes, algún dos compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da dirección xeral, ou da universidade correspondente, en virtude da súa representación.

Cuarta.-Para os efectos establecidos no artigo 10 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro (DOG do 11 de decembro), polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde, será de seis meses, contados a partir da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

As solicitudes entenderanse desestimadas de non ditarse resolución expresa no prazo sinalado no parágrafo anterior.

Quinta.-Os beneficiarios teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal

de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o director xeral de Universidades para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde adáptase ás normas básicas do texto articulado da Lei 38/2003, do 17 de novembro (BOE do 18 de novembro), xeral de subvencións e

ás do seu desenvolvemento, igualmente aos artigos 78 e 79 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, de acordo coa redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2005.

Celso Currás Fernández
 Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
 Dirección Xeral de Universidades

PROCEDEMENTO PREMIOS FIN DE CARREIRA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA ALUMNOS UNIVERSITARIOS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED415A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	DNI
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
CORREO ELECTRÓNICO		

DATOS ACADÉMICOS

REMATOU OS ESTUDOS PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE		
UNIVERSIDADE	CURSO ACADÉMICO 200 /	CONVOCATORIA

DATOS BANCARIOS

ENTIDADE	OFICINA	DIXITO CONTROL	NÚMERO DA CONTA
NOME	ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)		
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

Fotocopia do DNI.
 Certificación académica oficial ou copia compulsada dela.
 Breve currículum vitae, coa documentación correspondente.
 Documento facilitado pola entidade bancaria.

OBSERVACIÓNS:

LEGISLACION APLICABLE Orde do 3 de maio de 2005 pola que se convocan os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para os alumnos que rematen os seus estudos universitarios no ano 2005, nas universidades do Sistema Universitario de Galicia. Lei 11/1989, do 20 de xullo.
SINATURA DO SOLICITANTE _____ de _____ de 2005

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO

Corrección de erros.-Orde do 21 de abril de 2005 pola que se regulan as axudas para investimento en centros e servizos dedicados á atención á primeira infancia dependentes de entidades privadas de iniciativa social.

Advertido un erro na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 88, do 9 de maio de 2005, cómpre facer a seguinte corrección:

-Na páxina 7.742, no punto 6 do artigo 7º.-Solicitudes e documentación, a) Documentación xeral, onde di: «As entidades solicitantes deberán presentar, ademais da documentación requirida, a documentación estatística relativa á institución, debidamente cuberta nos modelos oficiais conforme os anexos II e III desta orde», debe dicir: «As entidades solicitantes deberán presentar, ademais da documentación requirida, a documentación estatística relativa á institución, debidamente cuberta no modelo oficial conforme o anexo II desta orde»,

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Resolución do 13 de abril de 2005, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo do sector de maioristas de froitas varias, hortalizas e plátanos.

Visto o expediente do convenio colectivo do sector de maioristas de froitas varias, hortalizas e plátanos (código de convenio número 1501005), que tivo entrada nesta delegación provincial o día 28-2-2005, complementado o día 23-3-2005 e subscrito pola parte económica pola *Asociación de Mayoristas de Frutas de A Coruña* e pola parte social por CC.OO. e UGT o día 22-2-2005, de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, que consta nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 13 de abril de 2005.

Cristina Azpilcueta González
Delegada provincial da Coruña

Convenio colectivo 2004-2005 do sector de maioristas de froitas varias, hortalizas e plátanos da provincia da Coruña

Artigo 1º.-Ámbito.

Este convenio é de aplicación para todas as empresas dedicadas ao comercio por xunto de froitas varias, hortalizas e plátanos, radicadas na provincia da Coruña, e os seus traballadores.

Artigo 2º.-Vixencia.

Este convenio entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2004 e estará vixente, para todos os efectos, ata o 31 de decembro de 2005.

Artigo 3º.-Denuncia.

Prorrogarase de ano en ano se ningunha das dúas partes o denuncia cunha antelación dun mes á data do termo da súa vixencia. A denuncia haberá de comunicarse ao organismo competente da Administración e á outra parte interesada. De prorrogarse pola tácita, todos os conceptos económicos se incrementarán no IPC real (Índice de Precios al Consumo) establecido polo INE (Instituto Nacional de Estadística) máis 0,5 puntos.

Artigo 4º.-Normas supletorias.

Consideraranse normas supletorias deste convenio as de carácter xeral, texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, así como os regulamentos de réxime interior daquelas empresas que o teñan en vigor, máis todo o que en materia laboral teña plena vixencia e non vaia contra o pactado neste convenio colectivo.

Artigo 5º.-Comisión paritaria.

Cantas dúbidas e diverxencias poidan xurdir na interpretación deste convenio someteranse obrigatoriamente á comisión paritaria, que estará integrada por dous membros da parte social e outros dous pola parte económica.

Artigo 6º.-Enfermidade, accidente e maternidade.

As empresas aboaranlle ao traballador en situación de baixa IT derivada de accidente laboral, maternidade ou risco de embarazo, e por un período máximo de doce meses, un complemento que, sumado á prestación da Seguridade Social, alcance o cento por cento do importe íntegro do seu salario en situación de alta.

Para a situación de IT derivada de enfermidade común ou accidente non laboral, as empresas aboaranlle ao traballador, sempre que a dita baixa teña unha duración superior a sete días, e por un período máximo de 12 meses, un complemento que sumado